

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE) E A ASOCIACIÓN DE MULLERES CON DISCAPACIDADE DE GALICIA (ACADAR), PARA O DESENVOLVEMENTO DA CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA SEXUAL NAS MULLERES CON DISCAPACIDADE "QUÉ FARÍAS TI?".

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón como obxecto no seu artigo 1 a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren, establecendo ademais no seu artigo 3 apartado d) que a violencia sexual é unha forma máis de violencia de xénero.

Esta violencia supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos. A súa prevención e erradicación compete aos poderes públicos, que teñen a obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
CONSELLERÍA EMPREGO E IGUALDADE

Complexo Administrativo de San Lázaro
Edificio Administrativo s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 957691
igualdade@xunta.gal
<http://igualdade.xunta.gal>



e protección ás mulleres que a sofren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos

seus dereitos como cidadás nun estado democrático.

As mulleres con discapacidade viven con máis frecuencia este tipo de violencia (Macroenquisa de Violencia 2019) e que as necesidades específicas das nenas e mulleres con discapacidade non están suficientemente cubertas, é preciso articular as ferramentas axeitadas para a defensa dos dereitos das mulleres e nenas con discapacidade.

A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, estima de interese público establecer una liña de traballo conxunto, e propónse a colaboración coa a Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), para canalizar o dito interese.

Tendo en conta que as necesidades específicas das nenas e mulleres con discapacidade non están cubertas, é preciso articular as ferramentas axeitadas para a defensa dos dereitos das mulleres con discapacidade, de cara a súa plena integración e participación en todos os ámbitos da sociedade.

A Disposición Adicional Segunda da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, establece que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia no ámbito da violencia de xénero, que sirvan de canle de actuación e colaboración para conseguir unha atención integral e coordinada dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero.

A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), constitúese como unha entidade asociativa, sen ánimo de lucro, gozando de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cun ámbito territorial que comprende a Comunidade Autónoma Galega coa finalidade de ofertas servizos, dirixir actividades e reivindicar dereitos para todas as mulleres con discapacidade independentemente

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
CONSELLERÍA EMPREGO E IGUALDADE

Complexo Administrativo de San Lázaro
Edificio Administrativo s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 957691
igualdade@xunta.gal
<http://igualdade.xunta.gal>



do lugar onde residan, tendo en conta sobre todo, as necesidades específicas das mulleres residentes no rural, das mulleres con discapacidade máis severa e/ou as que concorren circunstancias en risco ou exclusión social.

É membro da Confederación Estatal de Mulleres con Discapacidade (CEMUDIS) e do Consello Galego das Mulleres, desenvolvendo a Vicepresidencia Segunda. Tamén forma parte da Federación provincial de A CORUÑA da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade

(COGAMI CORUÑA), da Federación de Asociación de COGAMI Lugo, Federación de COGAMI Pontevedra, Federación DISCAFIS-COGAMI Ourense e Asociación de desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL.

A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, estima de interese público establecer una liña de traballo conxunto, e propónse a colaboración coa a Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), para o desenvolvemento de accións de sensibilización e de prevención da violencia sexual das mulleres con discapacidade a través do Programa "Que farías TI?" unha serie de historias interactivas sobre a realidade das mulleres e nenas con discapacidade, que teñen como obxectivo sensibilizar sobre a violencia sexual contras as nenas e mulleres con discapacidade afondando naqueles aspectos menos coñecidos da súa realidade.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE
CONSELLERÍA EMPREGO E IGUALDADE

Complexo Administrativo de San Lázaro
Edificio Administrativo s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 957691
igualdade@xunta.gal
<http://igualdade.xunta.gal>

